

INFORME DE INTERVENCIÓN

De conformidade co establecido no artigo 208 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na Regra 47 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, esta Intervención procedeu a formar a Conta Xeral do exercicio económico de 2016, polo que se emite o seguinte,

INFORME,

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto do presente informe a formación da Conta Xeral da Corporación correspondente ao exercicio 2016.

SEGUNDO.- A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O Artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os Artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- O Artigo 119.3 da Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria.
- As Regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local .
- A Resolución do 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola cal se recomenda un formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- A Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- A Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas.
- A Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo da Comisión de Goberno, do 29 de marzo, sobre creación do Rexistro Telemático do Tribunal de Contas.
- A Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola cal se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificado parcialmente pola Orde 419/2014.
- A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e

bo goberno.

- O Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

- A Resolución do 2 de decembro de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 26 de novembro de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita Conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015.

- A Resolución do 10 de xullo de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 30 de xuño de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.

TERCEIRO.- Sobre a formación da conta xeral.

O artigo 208 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece que as entidades locais, á terminación do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

A Regra 47 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, dispón:

“1. A Conta Xeral de cada exercicio formarase pola Intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

2. Para os efectos anteriores, a Intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade poderá solicitar a presentación das contas que haxan de renderse ao órgano ou órganos de control externo.

3. A Intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade poderá solicitar das distintas entidades implicadas a información que considere necesaria para efectuar os procesos de agregación ou consolidación contable que, no seu caso, establecese o Pleno da Corporación.

No seu caso, poderanse agregar ou consolidar as contas dunha entidade aínda que no informe de auditoría de contas denegouse opinión ou se emitiu informe desfavorable ou con excepcións, aínda que estas circunstancias faranse constar en informe explicativo da Conta Xeral.”

Así mesmo o artigo 201 do TRLRFL dispón que a suxeición ao réxime de contabilidade pública leva consigo a obrigaición de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas. En similares termos, o artigo 119. 3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública implica «obrigación de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas».

CUARTO.-Sobre os documentos que integran a conta xeral.

A Regra 45 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, dispón:

“1. As contas anuais que integran a Conta da propia entidade local e as que deberá formar cada un dos seus organismos autónomos son as seguintes:

- a) O Balance.*
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.*
- c) O Estado de cambios no patrimonio neto.*
- d) O Estado de fluxos de efectivo.*
- e) O Estado de Liquidación do Orzamento.*
- f) A Memoria.*

2. As contas a que se refire o apartado anterior deberán elaborarse seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local anexo a esta Instrución.

3. Ás contas anuais da propia entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.*
- b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria. En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno estado conciliatorio, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.”*

QUINTO.- Sobre a tramitación.

A Regra 49 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, dispón:

“Aprobación da Conta Xeral.

1. A Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

2. A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas expoñeranse ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá

novo informe.

3. *Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.*

4. *A aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.”*

Así mesmo, o artigo 212 do TRLRFL, dispón que:

“Rendición, publicidade e aprobación da conta xeral.

1. *Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan. As dos organismos autónomos e sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente a aquela, rendidas e propostas inicialmente polos órganos competentes destes, serán remitidas á entidade local no mesmo prazo.*

2. *A conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.*

3. *A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.*

4. *Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.*

5. *As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada.”*

De forma paralela ao anterior, debe terse en conta a obrigatoriedade de remitir información da conta xeral ao Ministerio Facenda e Administracións Públicas, artigo 15 da Orde HAP 2105/2012 en relación co 6 e 27 da LOEPSF. En similar sentido manifestouse a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, ao establecer, como infracción moi grave en materia de xestión económico-orzamentaria, o incumprimento da obriga de render contas regulada no artigo 137 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable (artigo 28, apartado p).

SIXTO.- Sobre a obriga de elevar informe sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos.

Aínda que non é un documento que daba formar parte da Conta Xeral, considerando

que é unha información necesaria para garantir unha correcta lectura e interpretación da situación económica, patrimonial e financeira da entidade local, debe facerse constar que non se deu cumprimento a data de hoxe ao disposto no artigo 218 do TRLRFL, redactado polo número tres do artigo segundo da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), que establece:

“Artigo 218. Informes sobre resolución de discrepancias.

1. O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

3. O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local.”

A Resolución do 10 de xullo de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 30 de xuño de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, dispón:

“A remisión da información e documentación efectuarase por procedemento telemático e a través dun módulo específico situado na Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais, con anterioridade ao 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran.”

A funcionaria que subscribe tomou posesión do posto de Intervención deste Concello o pasado 1 de xullo dos correntes, atopándose con que non se procedera á elaboración dos informes requiridos polo artigo 218 TRLRHL e que ademais non se fixera un arquivo dos acordos e resolucións das contrarios a reparos formulados, polo que debe procederse en primeiro lugar a localizar e ordenar os documentos e posteriormente elaborar os informes para elevalos ao Pleno e poder remitilos ao Tribunal de Contas.

Así mesmo tampouco se fixo ningunha das remisións de información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas reguladas na Orde HAP 2105/2012.

SÉTIMO.- Conclusións.

Examinada a Conta Xeral do exercicio 2016, conséntase por esta Intervención que reúne o contido esixido pola lexislación aplicable e detallado neste informe.

Con todo, a criterio de quen subscribe, deberanse emendar nos vindeiros exercicios as seguintes anomalías detectadas:

- Seguimento dos proxectos de gasto.

No exercicio non se operou mediante proxectos de gasto con financiamento afectado. O control dos devanditos recursos fíxose mediante unha ferramenta extra-contable (Excel), coas dificultades que esto supón, así como a maior posibilidade de erro e a imposibilidade de seguimento exhaustivo dos proxectos.

- Contratación administrativa.

Inexistencia de informes xurídicos en grandes expedientes de contratación, debilidades en circuitos de gasto e limitacións á aplicación da factura electrónica.

- Inmobilizado: Amortizacións e deterioros.

Inexistencia de inventario municipal xurídico vinculado coa contabilidade que permita realizar unha valoración fiable e exacta de bens e que permitan establecer horizontes de amortización e deterioracións que fagan posible unha correcta contabilidade patrimonial. Vinculación con dotacións por deterioracións e amortizacións.

Deberase estar ao disposto nas correspondentes normas de valoración da ICALN, de xeito que o inmobilizado, tanto material como intanxible, sexa amortizado regulamentariamente, dotando os deterioros que, no seu caso, sexan preceptivos.

- Inmobilizado material en curso e Investimentos inmobiliarios (contas 2300, 232, 233 e 221):

Deberíanse de analizar os inmobilizados recollidos nestas contas para confirmar que están contabilizados de xeito correcto.

É posible que existan discordancias entre as clasificacións económicas e a súa enlace coas contas previstas no PCGP.

- Fianzas recibidas, a longo e curto prazo (contas 180 e 560):

Deberíase facer una revisión das fianzas recollidas nestas contas á vista de que a data

de constitución de moitas delas remóntase anos atrás, procedendo a resolver sobre a súa devolución, incautación ou prescrición no seu caso.

- Inventario e Patrimonio Municipal do Solo:

Debe procederse á actualización do inventario municipal xa que o existente está absolutamente desfasado e incompleto.

Respecto do Patrimonio Municipal do Solo, ponse de manifesto a ausencia da súa constitución formal e dun inventario separado que permita o seu control e que impide realizar unha fiscalización plena do mesmo. Os bens que o integran constitúen un patrimonio separado dos restantes bens municipais, é por elo que se debería realizar un traballo de determinación dos bens que integran o PMS para a súa constitución como inventario independente. A falta de inventario ou rexistro específico do PMS impide controlar e coñecer en calquera momento a aplicación e destino dos bens e recursos do mesmo, o que supón unha redución das garantías formais para o cumprimento da legalidade de dito Patrimonio.

- Transferencias e Subvencións:

Debe procederse á revisión da contabilización das transferencias e subvencións recibidas co obxecto de comprobar que están correctamente clasificadas e que a imputación a resultados, no seu caso, se está facendo axeitadamente, de forma que se aplique o disposto na NRV 18º da ICALN.

É o que se informa sen prexuízo dun criterio mellor fundado xurídica e contablemente.

ESTE DOCUMENTO ASÍNASE ELECTRONICAMENTE